PANDEIRETEIRAS DA ALÉN

Orosia e Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos
(1922-2022) // (1920-2018) // (1926-)
Alén, Xirazga, Beariz, Ourense

Retrato inspirado nunha fotografía cedida por
Arredor da Tradición.
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.

PANDEIRETEIRAS DA ALÉN

Orosia e Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos
(1922-2022) // (1920-2018) // (1926-)
Alén, Xirazga, Beariz, Ourense

Muiñeira[10]

Esta muiñeira nova
esta nova muiñeira
esta muiñeira nova
tróughena eu da ribeira

|: *ai la la la la la la*
ai la la la la la la la :|

|: Non che podo que estou rouca :|
que che durmín no muíño
esta noite a maila outra

|: *ai la la la la la la*
ai la la la la la la la :|

Fun ó muíño de baixo
e volvín polo de riba
o de baixo ten ferrollo
e o de riba caravilla

|: *ai la la la la la la*
ai la la la la la la la :|

10. Muiñeira recollida a Orosia e Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos (01/10/2011) no local veciñal de Doade, transcrita por Poldo Cañizo Durán e documentada en Pandeireteiras da Alén, na Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Pódese consultar en: https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=484